

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Emprego e Economía Social

*Resolución pola de inscrición e publicación do acordo da Comisión paritaria do Convenio colectivo da empresa JOFRA, S.A. no que se corríxen erros convenio colectivo publicado no B.O.P. do 2-11-2016*

Vista a acta da xuntanza celebrada o día 25.11.2016 pola Comisión paritaria do Convenio colectivo da empresa JOFRA, S.A.- Centro de traballo de Endesa-As Pontes (código 15004082012004), na que se recolle o acordo de corrixir o artigo 23 e a táboa salarial provisional para o ano 2016 do convenio colectivo publicado no B.O.P. do 02.11.2016, de conformidade co disposto no artigo 90.º.2 e 3.º do Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria

#### RESOLVE:

1º.- Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2º.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

A Coruña, 05 de xaneiro de 2017

O Xefe Territorial

Isidoro Martínez Arca

# SERVIZOS

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

#### A C T A

##### Asistentes:

En representación de JOFRA, S.A.:

D. José Antonio Guardado Isturiz

D. Pedro Montero Fernández

En representación dos traballadores:

D. José Prieto Barro (Delegado Sindical CIG)

D. Xesús Anxo López Pintos (asesor CIG).

Reúnense nas oficinas da empresa no centro de traballo de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), as partes acima indicadas, ao obxecto de corrixir os erros detectados logo da publicación no BOP 207 de data 02.11.16 do Convenio Colectivo de limpeza industrial da empresa Jofrasa, S.A. -Centro de traballo de Endesa-As Pontes (A Coruña), alcanzando os seguintes:

#### ACORDOS:

1.- Corrixir a numeración dos distintos apartados do Artigo 23. Que debería quedar o seu texto do seguinte xeito:

#### “ARTIGO 23.- HORAS EXTRAORDINARIAS

23.1. Horas extraordinarias habituais: Supresión

23.2. Horas extraordinarias esixidas pola necesidade de reparar sinistros ou outros danos de carácter extraordinario e urxente: Realización.

23.3. Horas extraordinarias estruturais e as necesarias por ausencias imprevistas: realización a condición de que non sexa posible a substitución das mesmas por contratacións temporais previstas na lexislación vixente.

23.4. As horas extras abonaranse segundo táboa salarial anexa, podendo compensarse a razón de 1 día de descanso por cada 5 horas extras realizadas.

23.5. As horas extras en sábado, domingo ou festivo abonaranse segundo táboa salarial anexa, podendo compensarse a razón de 1 día de descanso por cada 4 horas realizadas.

23.6. En caso de ser chamado para a realización de horas extraordinarias, abonaranse un mínimo de 3 horas.”

**Mensualmente informarse ao representante sindical cunha relación nominativa das horas extraordinarias realizadas.**

2.- Correxir a táboa salarial provisional para o ano 2016 en canto ao plus de actividade das categorías Peón Especial (Grupo IV) e Peón ordinario (Grupo IV) que deben ser asinadas no seu momento e que se corresponden coa contía de 15.28€ en ambos os casos, quedando do seguinte xeito:

TÁBOA SALARIAL ANO 2016 (PROVISIONAL)						
CONCEPTOS	ENCARGADO GRUPO III	XEFE EQUIPO GRUPO III	OFICIAL 1ª GRUPO IV	OFICIAL 2ª GRUPO IV	PEÓN ESPECIAL GRUPO IV	PEÓN ORDINARIO GRUPO IV
Salario base	34,42	33,01	33,01	31,87	30,71	29,54
Plus de actividade	15,62	15,62	15,62	15,62	15,28	15,28

3.- Autorizar a D. Francisco Xabier Cartelle Pérez, D.N.I. número 32.656.027-Y para que efectúe o trámite de presentación e rexistro da presente acta e do texto correxido do convenio en formato word xa mencionado ante a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

En proba de conformidade asinan mais abaixo os asistentes, en As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), a vintecinco de novembro de dos mil dieciséis.

**En representación dos traballadores:**

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

Fdo.: José Prieto Barro. Delegado Sindical

Fdo.: Xesús Anxo López Pintos. Asesor

**En representación da empresa:**

Fdo.: José Antonio Guardado Isturiz

Fdo.: Pedro Montero Fernández.

2017/136